

Terra, Mar e Lume

Anxo Tarrío Varela

Seguramente non existe unha experiencia semellante noutra lingua nin en todo o globo da terra: cento cincuenta e tres poetas de seis nacións da ex-Yugoslavia caracterizadas por senllas culturas, relixións e etnias até o de agora, non só irreconciliábeis, senón feridas polo odio máis irreductíbel e incondicional. Terras e xentes queimadas e violadas até límites inimaxinábeis pola guerra e pola bestialidade humana; países nos que os fundamentalismos, os integrismos e os intereses políticos compoñen unha mestura explosiva que prende e estoupa decote coa máis cativa charamusca.

Ursula Heinze, nun esforzo certamente exemplar, ergue este monumento á poesía e á literatura coa remota esperanza de facer del un posíbel lugar de encontro onde todas as incompreensións e xenreiras acouguen: “Desde o primeiro momento, dinos a tradutora, concebín esta escolma coma un intento de construír, no medio do terror, do estrago, da desesperación e da morte, unha casa de convivencia pacífica, confiando en que medre, paseniño mais continuamente, coa axuda dos lectores deste libro, concienciando a cada un da súa responsabilidade”.

*Terra, Mar e Lume* é o título que leva esta escolma de poesía traducida e que recolle poemas de escritores de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia, todos eles pertencentes ao século XX, dende as xeracións máis vellas, nadas arredor de 1900 (pouco antes ou pouco despois) até as que o fixeron xa nos anos sesenta, é dicir, un abano de poetas que coñeceron directa ou indirectamente as tribulacións tremendas polas que atravesou a península balcánica durante os últimos cen anos.

O traballo de Ursula Heinze, que tivo que reunir textos moitas veces inencontrábeis, consistiu na tradución, dende linguas intermedias, como o alemán ou o inglés (pois confesa a nosa escritora non coñecer linguas eslavas), de mostras representativas da poesía daquelas nacións, e o resultado é, certamente, sobrecolledor, por máis que xa sabemos o que se perde de connotacións, de claves culturais e de matices no trasvase dunha lingua á outra, aínda no caso (que non é este, loxicamente) de figuraren moi a carón no atlas lingüístico unhas das outras.

É sobrecolledor asistir á visión do mundo que se vai perfilando engordíñamente na lectura do libro; unha visión tan diferente, por veces, á nosa, pero tamén tan próxima e familiar, en moitos casos, debido,

precisamente a esa casa común que é a literatura occidental e que se foi e vai construíndo a través das resoancias de Whitman ou de Baudelaire, de Shakespeare, Hölderlin ou Valéry.

Cando Ursula Heinze presentou o proxecto de publicación no *Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”*, este proxecto que agora se volveu felizmente realidade ostensible, os responsábeis da institución non dubidaron en sumarse a algo que, máis alá dun exercicio de tradución, desprendía calor solidario e vocación de achegamento á dor e ás penas duns pobos decote castigados, xa non digamos polas guerras, senón polo fanatismo máis cruel e visíbel, alimentado dende escuros recantos inaccesíbeis por aqueles que falan en nome de deuses únicos, de patrias exclusivas e de razas superiores.

*Terra, Mar e Lume*, un libro singular onde os haxa e que acaba de saír á luz, podemos dicir que é, en boa medida, unha homenaxe á literatura, a iso que non sabemos moi ben para qué serve, aínda que toda nación que se precie coida, protexe e fomenta; pero tamén é, ou mellor dito, polo menos para quen isto escribe, é fundamentalmente unha homenaxe e un monumento á tolerancia, única maneira de protexer a pouca ou moita inocencia que aínda lle quede á nosa especie.